

CREACIÓN E EDICIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL

INTRODUCCIÓN

A grabación audiovisual é un recurso educativo moi valioso pois ofrece a posibilidade de traballar unha gran variedade de contidos diversos, dunha forma divertida, interesante e diferente:

- É un bo método para traballar a lectura (tamén a primeira vista) e a expresión verbal; así como a interpretación, a improvisación, etc.
- Favorece o desenvolvemento dunha serie de estratexias de estudio e de búsqueda e tratamento da información: consulta en diversas fontes impresas e dixitais (libros, enciclopedias, sitios web, etc); selección da información que precisamos; elaboración de esquemas e mapas conceptuais para organizar dita información; etc.
- Permite fomentar e mellorar a expresión escrita a través da elaboración de guións baseados na información anterior.
- Ofrece ao alumnado a posibilidade de traballar con tecnoloxía moi habitual na nosa vida diaria (cámaras, grabadoras, computadoras, software de edición, etc) o que aumenta a motivación cara o proceso educativo.
- Ao tratarse de actividade colectivas, favorece o afianzamento dunha serie de valores, principios e actitudes moi necesarias na sociedade actual como o esforzo persoal, o respecto polo traballo dos demais, a tolerancia, a colaboración e traballo en equipo e, sobretudo, a responsabilidade e compromiso co grupo e co proxecto.
- Estes proxectos constitúen un marco ideal para traballar e transmitir outros contidos curriculares máis concretos e de diferentes áreas (documentais, programas literarios, biografías, reportaxes sobre ciencia, historia, arte, etc)
- Permite ao alumnado coñecer as características básicas dunha serie de profesións habituais na sociedade actual (xornalistas, presentadores, reporteiros, cámaras, técnicos de vídeo e son, guionistas, etc)

É importante lembrar que nun proxecto audiovisual o máis importante é a aprendizaxe que se realiza e as experiencias que se viven durante a súa elaboración; e non o resultado final, que pode ser de maior o menor calidade.

FASES DO PROXECTO

- 1ª.- Selección do tema principal do proxecto; división en partes; e reparto de responsabilidades.
- 2ª.- Recollida de información das diferentes partes
- 3ª.- Análise da información recollida, seleccionando o que interesa.
- 4ª.- Elaboración dos guións cos diferentes grupos.
- 5ª.- Grabación ou descarga das imaxes, vídeos, audios, etc que precisemos para acompañar os guións
- 6ª.- Grabación de ditos guións e das diferente partes do proxecto.
- 7ª.- Edición e montaxe do proxecto, dos vídeos e/ou audios
- 8ª.- Avaliación do resultado
- 9ª.- Difusión nos medios do centro (redes sociais, blogue, web, etc)

GRABACIÓN E EDICIÓN DE VÍDEO

Á hora de **grabar** os nosos vídeos debemos ter en conta unha serie de factores:

- Seleccionar na cámara a **calidade e formato** que máis se axusten ao software de edición que empreguemos.
- **Planificar** previamente as esceas que queremos grabar para que teñan unha coherencia e continuidade temporal.
- Ter coidado coa **estabilidade** da imaxe. Un vídeo que “vibra” moito pode producir mareo no espectador. Se é posible, empregade trípode.
- Cando grabemos é aconsellable deixar un par de segundos ao **principio** e ao **final**, para que á hora de editar non nos queden os vídeos “pillados” polas transicións.
- Ser meticuloso á hora de **almacenar** os vídeos en discos duros. Ao final acabamos xuntando centos de vídeos e material audiovisual polo que, se non o temos correctamente gardado, clasificado, etc; pode chegar a ser moi difícil atopar as esceas que precisamos.

Cando falamos de **edición** estamos a referirnos á “montaxe” do vídeo que queremos crear, seleccionando as esceas que o conformarán, engadindo as transicións, arranxando o audio, etc.

Existen moitos programas para a edición de vídeo, para todas as plataformas, sistemas operativos, etc; pero a maioría (exceptuando os profesionais) son moi similares en canto ao seu uso.

Normalmente seguiremos a seguinte dinámica:

1. **Importar** os vídeos, fotos e audios cos que queremos crear o noso proxecto, é dicir, engadir dito material á “biblioteca” ou base de datos do programa para que o recoñeza e poder traballar con el. En moitas ocasións, en lugar de “importar”, simplemente hai que “abrir” os arquivos; ou incluso hai programas que permiten “arrastrar e soltar” o material para impórtalo
2. **Seleccionar e engadir** os fragmentos e esceas que queremos empregar ao proxecto (película) principal.
3. **Engadir as transicións** que precisemos, segundo o efecto a conseguir. O normal é engadir “disolucións” entre os vídeos (de 0,5 seg ou menos). Tamén é moi empregada a transición “fundido a negro”, sobretudo para os finais.
4. **Insertar os títulos:** presentación, créditos iniciais ou finais; diapositivas con texto,...
5. **Engadir e “arranxar” o audio:** é aconsellable “normalizar” o audio dos vídeos ou o que importemos (cancións, diálogos, voces, efectos, etc) Case todos os programas contan con esta opción xa que iguala os volumes dos diferentes cortes que empreguemos.

Moitos destes programas contan tamén cunha ferramenta que permite baixar o volumen ou silenciar o son das pistas que nos interesen cando coincidan varias ao mesmo tempo. Esta ferramenta é moi útil sobretudo cando facemos coincidir o son dun vídeo cunha canción, por exemplo.

Ademáis, tamén poderíamos modificar o volumen, ecualización etc, dun audio en concreto.

6. **Exportar vídeos:** consiste en transformar o proxecto que realizamos no programa de edición nun vídeo, cun formato e calidade que podemos escoller (hd, vga, etc) e gardalo ou compartilo.

GRABACIÓN E EDICIÓN DE AUDIO

O audio (“musical ou “verbal”) é moito máis delicado de “tratar” que o vídeo. Para comezar pensade que dispoñemos de diferentes “aparatos” cos que poder grabar vídeo facilmente e cunha calidade óptima (cámaras de todas as calidades a precios asequibles; móbiles, tablets, etc) En cambio, para grabar audio debemos contar cun material aceptablemente bo dende o primeiro momento (micros, tarxetas de audio, grabadoras que soen ser caras, etc)

Á hora de **grabar** audio debemos ter en conta unha serie factores.

- A **calidade** sí que importa. Se só imos a grabar aos rapaces lendo ou recitando, poderíamos empregar o móbil, aínda que na maioría dos casos distorsiona os sons e a calidade é moi baixa. Pero para grabar música (alumnado tocando ou cantando) é preciso contar cunha tarxeta de son e un micro (mellor “de condensador” – máis potentes); ou cunha grabadora manual de certa calidade.
- Coidar as **distancias** entre a fonte sonora e o micro ou grabadora; e o nivel ou **volume** de grabación destes; para evitar a saturación de son, ou que quede moi baixo de volume (neste caso aínda podería arranxarse cando traballemos co software de edición)
- Deixar un par de segundo ao **comezo e final** dos audios para evitar que queden “pillados”.

En canto á **edición**, tamén neste caso existe unha gran variedade de programas que nos permiten “arranxar” as nosas pistas, recortalas, e misturalas con outras; controlar volumes; engadir efectos; etc.

Á hora de editar audio podemos seguir os seguintes pasos:

- **Importar os audios:** debemos ter en conta que estos programas funcionan por pistas polo que podemos ir colocando os sons que conformarán a nosa canción ou podcast na mesma ou en diferentes, segundo os nosos obxetivos. Se queremos que dous ou máis sons soen simultaneamente, os colocaremos en pistas diferentes.

- **Editar:** consiste en seleccionar os sons, fragmentos, etc, e colocalos no lugar correspondente. Estes programas permiten recortar as pistas para, por exemplo, cando facemos varias tomas dun mesmo texto ou melodía, poder seleccionar as partes desas tomas que mellor soen e unilas, quedando como se se grabara ben de primeiras.
- **Misturar:** fai referencia ao retoque das diferentes pistas para que soen ben xuntas. Neste paso, podemos facer varias cousas:
 - Controlar os **volumes** e panorama (dereita-esquerda no stereo) das diferentes pistas
 - Engadir **efectos**: os máis empregados son:
 - Compresor*: permite subir o volumen e potencia dunha pista
 - Rever*: efecto que emula a reverberación dun espazo amplo como unha catedral, un estadio, un gran escenario
 - Ecualización*: permite modificar os parámetros grave-medio-agudo das pistas. Se un audio queda moi grave, debemos subirlle aos agudos e viceversa.
- **Exportar o proxecto** ao disco duro para gardalo e/ou compartilo. Antes debemos seleccionar o “formato de saída”. Normalmente empréganse dous:
 - wav: é o formato de maior calidade, aínda que ocupa máis mb. É o formato recomendado para grabar as cancións dos nosos alumn@s nun cd.
 - mp3: é un formato de menor calidade pero ocupa moi pouco. Este é o formato máis recomendado para “subir” música e audios a internet.

SOFTWARE DE EDICIÓN

Existen moito programas de edición e montaxe de vídeo e audio, dependendo do sistema operativo que empreguemos. A maioría, exceptuando os de nivel profesional, funcionan dunha maneira similar e ofrecen posibilidades parecidas.

AUDIO

- Audacity: moi sinxelo, valido para Windows, Mac ou Linux
- Garage Band: bastante sinxelo e completo. Exclusivo de Mac.
- Ocen Audio: similar a Audacity e valido para Windows, Mac ou Linux.
- Nuendo: a medio camiño entre amateur e profesional.
- Protools: Un dos software profesionais máis empregados a nivel amateur, xunto con Logic, pola súa versatilidade, manexo intuitivo, posibilidades e calidade.
- Piramyds: Outro dos programas profesionais máis empregados en estudos de medio mundo.

VÍDEO

- Imovie: Exclusivo de Mac. Igual que o Garage Band, soen vir gratis nos dispositivos de Apple. Moi sinxelo e intuitivo. É o que empregamos no cole para facer os nosos proxectos porque ofrece resultados moi “profesionais” cun manexo moi amateur.
- Movie Maker: para Windows, similar ao Imovie aínda que máis limitado.
- Virtual Dub: tamén para windows e gratuito; amateur pero moi “potente” e con moitas funcións.
- Pinnacle Studio: para Windows, de uso sinxelo pero resultados profesionais.
- Wondershare Filmora: para Android, aplicación versatil e de fácil uso.
- VidTrim Pro: para Android. O mellor editor gratuito e cunha interface de uso moi sinxela.
- Adobe Premiere Pro: programa profesional pero que require un periodo de aprendizaxe.
- Final Cut Pro: o programa profesional de Mac máis empregado nas televisión e estudos do mundo. Precisa un periodo de aprendizaxe.

ANEXO

DEREITOS DE AUTOR

Coidado cos dereitos de autor!!!

A maior parte da música, vídeos e fotos que podemos conseguir en internet ou que xa temos nun cd ou dvd, están suxeitas á lei da propiedade intelectual e legalmente non as podemos empregar sen permiso do posuidor dos dereitos de explotación.

Nembargantes, nos últimos anos, moitos autores prefiren rexistrar as súas obras baixo una licencia “*creative commons*” que, en moitos casos, permite a súa reutilización e incluso a súa edición (modificación).

Podemos atopar ditas obras en diversos sitios web, como por exemplo:

- **Imaxe:** Filckr, Google imaxes (seleccionando en búsqueda avanzada o tipo de licencia), Stockphotorights, Fotopedia, Wikipedia (as imaxes soen estar libres de dereitos), Open Clip Art Library,...
- **Audio:** Jamendo, Freesound, Sound Cloud, Cc Mixer, Magnatune, Audio Farm,...
- **Vídeo:** Vimeo, YouTube (dispón de vídeos con licencia cc), Archive, Flickr,

DIFUSIÓN DOS PROXECTOS EN INTERNET

Se queremos compartir os nosos vídeos, fotos e adiós na rede, temos que “subilos” primeiro a algún “host” ou “almacén” de internet, dende o que poderemos insertar ditos contidos no noso blogue ou web. Desta forma evitamos subir dito material directamente ao host do noso sitio web e, polo tanto, “pesará” menos e funcionará máis rápido.

- Para **vídeo**, o normal é ter unha canle de YouTube (que xa temos asociada á nosa conta de correo de Gmail).
- En canto ás **fotos**, un bo servicio é o que ofrece Google Fotos ou Picasa, xa que permiten subir as imaxes incluso dende o móvil; facer pases de diapositivas que despois poderemos insertar no blogue/web, ao igual que as fotos individuais, etc. Tamén Flickr ofrece estas posibilidades.
- No tema da **música**, existen diversas formas de “subir” as nosas cancións ou podcast (audios). A plataforma Dropbox ofrece un disco duro virtual de 2 ou 3 gb gratuíto, e a posibilidade de compartir os audios ou insertar o

vínculo no blogue/web. SoundCloud ofrece as mesmas posibilidades, incluso con fins comerciais.

- No caso de querer “colgar” **arquivos .pdf, ou .doc, presentacións**, etc, unha boa plataforma de almacenaxe é Google Drive. Tan só necesitamos ter unha conta de Gmail e xa teremos acceso a esta ferramenta de Google que nos ofrece 15 gb de almacenaxe online gratuito; así como a posibilidade de consultar, descargar, compartir, ..., os nosos arquivos dende distintas computadoras, sempre que teñamos conexión a Internet.

ENLACES DE INTERESE

Se queredes consultar e ver os proxector que levamos feito ao longo destes anos no cole de Crecente, podedes acceder a través dos seguintes “links”

- <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sieiro/>
- <http://osollosdominhoproductions.blogspot.com.es>
- <http://ondasdominho.blogspot.com.es>
- <http://bibliosieiro.blogspot.com.es>

Ademáis, ahí vos quedan outros enlaces de interese sobre os diferentes contidos que estivemos a ver.

XERAL

- <http://www.profesorfrancisco.es/2013/07/crea-tu-blog-educativo-y-usalo-en-clase.html>
- <http://ividal.com/archivos/edublogs.pdf>
- <http://es.wikihow.com/usar-Google-Drive>
- http://www.dunialozano.com/imagenes/comienza_con_dropbox.pdf

VÍDEO

- <http://www.gadwoman.com/2011/12/como-grabar-un-buen-video/>
- <http://www.socialancer.com/tecnicas-herramientas-videos-profesionales-low-cost/>
- <http://descargarmoviemaker.net/tutorial-movie-maker-primeros-pasos/>
- https://manuals.info.apple.com/MANUALS/0/MA626/es_ES/Introduccion_a_iMovie_08.pdf
- <http://www.manualespdf.es/manual-virtualdub-1-4/>

AUDIO

- http://ocw.innova.uned.es/mm2/tm/contenidos/pdf/tema3/tmm_tema3_sonido_digital_presentacion.pdf
- <https://www.lifestylealcuadrado.com/como-montar-un-estudio-de-grabacion-casero/>
- <http://www.guitarrec.com/grabar+voz+y+coros+en+estudio+de+forma+profesional>
- http://www.jesusda.com/docs/ebooks/ebook_tutorial-edicion-de-sonido-con-audacity.pdf
- <http://www.cem.itesm.mx/di/alumno/archivos/protools.pdf>

Lembrede que existen múltiples vídeos-tutoriais en Youtube, Vimeo, etc, sobre os diferentes programas de edición dos que falamos; e sobre as diferentes función e posibilidades destes. Ademáis Internet está cheo de manuais e tratados sobre os conceptos que traballamos. Aínda que o máis efectivo segue a ser o ensaio-erro, probar e probar. Pero coidado!!! Pode resultar moi adictivo, xa que con poucas cousas e moita imaxinación, podemos facer grandes proxectos.